

Expte. n.º 3544/2025

## RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Logo de ve-la proposta de bases elaboradas pola Concellaría do Turismo para a convocatoria do **VI CONCURSO DE EMBELECEMENTO DE BALCÓNS E FACHADAS DA POBRA DO CARAMIÑAL, NADAL DE 2025;**

despois de ve-lo art. 4 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e a súa disposición adicional 10.<sup>a</sup>, e tamén tras ter en conta tanto que neste caso non se trata de premios que se concedan sen a solicitude previa da persoa beneficiaria coma a fiscalización de conformidade da Intervención municipal;

logo de ver que o importe dos premios convocados é de 2 100 € e que existe crédito orzamentario na aplicación orzamentaria 433.22109,

### RESOLVO:

**PRIMEIRO.-** Aproba-las bases reguladoras e a convocatoria do **VI CONCURSO DE EMBELECEMENTO DE BALCÓNS E FACHADAS DA POBRA DO CARAMIÑAL, NADAL DE 2025**, que se inclúen como anexo a esta resolución.

**SEGUNDO.-** Autoriza-lo gasto para a concesión dos premios polo importe de 2 100,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 433.22109.

**TERCEIRO.-** Dispor que se lles dea publicidade a estas bases mediante a súa publicación no taboleiro de edictos da corporación e mediante carteis e folletos informativos e outros medios que sexan precisos para o xeral coñecemento.

**CUARTO.-** Darlle conta desta resolución ó Pleno da corporación na vindeira sesión que se realizar.

A Pobra do Caramiñal

O alcalde

O secretario en acumulación de funcións

*(documento asinado dixitalmente)*



## VI CONCURSO DE EMBELECEMENTO DE BALCÓNS E FACHADAS DA POBRA DO CARAMIÑAL NADAL DE 2025

### 1. CONVOCATORIA

O Concello da Pobra do Caramiñal convoca o VI Concurso de Embelecemento de Balcóns e Fachadas para o Nadal de 2025.

### 2. OBXECTO

O obxecto deste concurso é incentiva-la participación da veciñanza na ornamentación dos seus balcóns e fachadas con motivo da celebración do Nadal de 2025, xa que detrás desta existe unha contribución cidadá á mellora estética das rúas e edificios do municipio que farán máis alegre o desenvolvemento deste.

### 3. PARTICIPANTES

Poderá participar no concurso calquera persoa ou entidade propietaria dunha vivenda situada no termo municipal da Pobra do Caramiñal, ou arrendataria dela, con balcón, ventá e/ou fachada con vista para a vía pública, e que reúna as condicións necesarias para a súa decoración sen que iso supoña perigo ningún para a súa integridade e a das persoas viandantes. Cada vivenda só poderá participar unha vez, independentemente dos balcóns que sexan decorados.

A participación neste concurso é de balde.

Estas bases estarán ó dispor das persoas participantes na páxina *web* oficial do Concello da Pobra do Caramiñal, [www.apobra.gal](http://www.apobra.gal).

### 4. INSCRICIÓNS

As solicitudes de inscrición serán remitidas por correo electrónico ó enderezo [promocioneconomicapobra@gmail.com](mailto:promocioneconomicapobra@gmail.com) ou ben chamando ó teléfono 981843280 (ext. 2035). Nelas deberase sinala-lo nome e o documento de identidade da persoa participante,



o enderezo e a parroquia da vivenda e o número de teléfono de contacto. A data límite da inscrición será o día 3 de decembro.

O prazo para a ornamentación dos balcóns/fachadas será deica o día 9 de decembro como máximo (incluído este). Dende a inscrición e ata o propio día 9, as persoas participantes deberán remitir polo correo electrónico polo menos 4 fotografías do seu balcón/fachada para que o xurado teña así constancia de que efectivamente estes se atopan decorados.

## **5. DESENVOLVEMENTO DO CONCURSO**

Os balcóns/fachadas deberán estar decorados durante o período comprendido entre o día 6 de decembro e ata o día 6 de xaneiro, ámbolos dous incluídos, pois o fin último deste concurso é facer que cada fogar da Pobra do Caramiñal faga parte do Nadal. A desmontaxe da decoración antes desta data levará implícita a devolución íntegra do premio no caso de ser unha das vivendas gañadoras.

Os elementos utilizados para a ornamentación de balcóns e/ou fachadas deixaranse á libre elección da veciñanza, pero sempre respectando as vías, beirarrúas e entradas ás vivendas doutras persoas. A temática deberá ter relación directa co Nadal.

Deberá estar perfectamente suxeito calquera elemento pendurado ou colocado sobre calquera estrutura do balcón e/ou fachada, sen que a súa situación poña en risco a seguridade. A persoa inscrita no concurso asumirá a responsabilidade de calquera incidente orixinado pola caída dalgún elemento ou parte deste á vía pública.

Serán obxecto de exclusión do concurso aqueles balcóns e/ou fachadas que incumpran as normas elementais de hixiene e limpeza, en evitación de molestias á veciñanza e ás persoas que usan a vía pública.

No día 17 de decembro darase a coñece-lo resultado do concurso e informarase os fogares premiados individualmente, así como a través das redes sociais municipais e dos medios de comunicación. Posteriormente, terá lugar o acto de entrega de premios.

## **6. XURADO**



O Concello designará os membros do xurado. A dita composición darase a coñecer no momento do ditame do concurso.

As persoas que formen parte do xurado non poderán participar no concurso.

O veredicto do xurado será inapelable. Poderase ditaminar que un/s premio/s quede/n sen adxudicar.

## **7. CRITERIOS DE VALORACIÓN**

O xurado cualificador baseará o criterio da súa puntuación nas seguintes cuestións:

- orixinalidade e creatividade da composición
- calidade ornamental
- harmonía do conxunto
- laboriosidade
- outras cuestións (como a iluminación)

## **8. PREMIOS**

As persoas gañadoras serán nomeadas por unha resolución da Alcaldía a proposta do xurado. Dita resolución publicarase no taboleiro de anuncios do Concello, sen prexuízo de que se publique tamén noutros medios para garantir o seu coñecemento. Os premios consistirán en vales de compra (Caramiñas) para gastar no comercio local. Os seus importes serán os seguintes:

1.º premio: vale de compra de 600 € (Caramiñas)

5 segundos premios (un por parroquia): 5 vales de compra de 300 € (Caramiñas)

Os premios que superen o importe de 300 euros estarán suxeitos ás retencións fiscais establecidas legalmente. Estes vales deberán ser empregados ata o día 31 de decembro do ano en curso.

## **9. NORMAS FINAIS**



A participación no concurso supón a plena aceptación destas bases e do ditame do xurado.

